

Num. 280



Verán 2010

Periódico labrego de información técnica e sindical
Número de rexistro: 980635



sindicato
labrego galego
comisións labregas



FRANQUEO
CONCERTADO
F.C. NÚM. 15000077

Sen soberanía alimentaria non hai soberanía política



Un ano máis no día da Patria, milleiros de persoas maniféstanse polas rúas de Santiago convocadas polos partidos nacionalistas.

O 25 de xullo, día da Patria Galega, segue a ser unha data central das reivindicacións do nacionalismo político nas que sempre están presentes a Soberanía Nacional e a Soberanía Política. Con independencia da fór-

mula administrativa e política que adopten os pobos ou as nacións, estas deben ser capaces de producir os alimentos necesarios para garantir a supervivencia das persoas que o conforman. Neste sentido como labregas e labregos produtores de

alimentos organizados no Sindicato Labrego Galego pensamos que vai sendo hora de que os partidos políticos asuman a reivindicación do Dereito á Soberanía Alimentaria de Galiza e traballen por ela tanto nas rúas como nas institucións.

Edita:

Edicións Fouce

Departamento de Publicacións de
Servicios Agrarios e Contables S.L.
CIF: B - 27165646

Coordinación:

Vera-Cruz Montoto Vázquez
Colaboracións: Carme Freire,
Lidia Senra, Manuel Docampo,
Isabel Vilalba, Xoán Monasterio,
Charo Sánchez Parga, Xabier
Gómez Santiso, Ana Rodríguez,
Diego Sánchez Agra e Sandra
Varela.

Deseño e maquetación:

Vera-Cruz Montoto Vázquez

Sede da redacción:

Rúa Touro nº 21, 2º
Santiago de Compostela
Tif: 981 580449
Fax: 981 572570

www.sindicatolabrego.com

Depósito Legal: C-749/88



LOCAIS

A PARTIR DE SETEMBRO, CAMBIO DE ENDEREZO DOS LOCAIS NACIONAL E COMPOSTELA:

Novo local:

**R/Ofelia Nieto, nº13-23,
CP 15705. Meixoxfrío.
Santiago de Compostela.**

MELIDE - Praza do Convento nº2
ARZÚA - R/ Padre Pardo nº24, 1º D
Tifno. 981 508 177

SANTA COMBA - R/ Carmen
Santiso nº22, baixo. Tif. 981 880909
ORDES - R/ Nova nº 33, Baixo, 15680.
Tif. 981 682908

BETANZOS - Praza da Constitución nº 4,
1º. Tif: 981 773377

TEIXEIRO - R/ Martínez Pardo nº13, 1º
esq / Tifno. 981 789 781

SAN SADURNIÑO - Lugar de Outeiro s/n
981 490430

O BARCO - Casa sindical
Tif. 988 321511 / Fax: 988326723

VERÍN - Travesía de Sosas nº 20,
Galerías Maga Tif. 988 590438; Fax 988
590439

RIBADAVIA - R/ Virxe do Portal, nº11.
Tif. 988 477230 Fax. 988477230

XINZO - Casa Sindical Tif. 988 462547
LUGO - R/ Miguel de Cervantes nº47, ent.
Tif. 982 231154

SARRIA - Rúa Calvo Sotelo 108,
entrecán B. Tif. 982 876155 / 659735862

CHANTADA - Praza do Concello, baixos
A/S/Tif/Fax: 982 462103

A FONSGRADA R/Fonte, nº3, baixo. Tif.
982 350 080

ESCAIRÓN - Local da Cámara Agraria
RIBADEO - Av. Calvo Sotelo, nº3, 1ºE.
Tif/Fax. 982 130615

LOURENZA - Av. da Mariña nº11, 1º. Tif.
982 121376

VILALBA - Cidade de Viveiro 1 ent. A.
Tif.982 512431

MEIRA - R/ Xeneralísimo 47-49, Edf. Miño
Entrecán E. Tif/Fax: 982 331 714

A ESTRADA - R/ Capitán Bernal nº10, 1º
Tif/Fax 986 573232

LALÍN - R/Arenal nº1, entrecán 3. Tif.
986 792 268

SILLEDA - Av. do Parque, 32
Centro comercial O Parque, oficina 12
986 580526

PONTEAREAS - R/ Dos Amieiros,portal
1ºA, 1ºC. 986 641508
Martes a xoves, de 10.00 a 13.00

O ROSAL - R/ Ramón Franco, Edf.
Rosales. Tif. 986 625 394

O SALNÉS
Av. Bouza Matín nº 9, 1º, Barrantes,
Ribadumia. Tif. 986 711825

Editorial, pax. 3

- Estamos nunha crise profunda do Sistema Capitalista: **Outro modelo económico é posible**



- **Lei de Dependencia en Galiza:** achegamos algunhas claves.
- **Leite: o prezo da calidade.**

■ DATAS DA CAMPAÑA INFORMATIVA E DE DEBATE SOBRE A **CRISE ECONÓMICA E SOBRE AS CONSECUCIÓNS DOS TRANSXÉNICOS (ORGANISMOS XENÉTICAMENTE MODIFICADOS) NO SECTOR AGROGANDEIRO**



Galiza, paxs. 4, 5, 6, 7 e 8

- **Lei de Moirosidade:** pagos a 30 días para produtos frescos e perecedeiros.
- **Decreto do Produto Caseiro:** perdeuse a oportunidade de axustar a lexislación á realidade da Galiza.
- **Suplemento de seguridade no agro: Remolques e cargadores frontais.**
- **Continua a acción informativa sobre a oposición ás minas n' A Terra Chá**

Sectores Gandeiros, pax. 8, 9 e 10

- **Leite: O prezo da Calidade.** Algunhas industrias están a baixar prezos argumentando baixa calidade nas análises do leite.
- **Produtores e produtoras europeas rexeitamos as propostas do Grupo de Alto Nivel** para a crise do sector leiteiro
- **Segunda entrega do artigo "A enfermidade da lingua azul",** de Eva Martín Jiménez



Sectores Vexetais, paxs. 11 e 12

- **Problemas coas inspeccións de traballo no sector vitivinícola.**
- **Risco de especulación coa xestión conxunta dos montes privados: das UXFOR ás SOFOR.**



Mulleres, páx. 13

- **Terceira acción internacional da Marcha Mundial das Mulleres.** Ao longo do 2010 a Marcha Mundial, movemento do que forma parte a Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego, está a facer escoitar miles de voces en todo o mundo nunha loita global contra as causas da pobreza e da violencia que nos afectan ás mulleres



Eira, páx. 14 e 15

- **Convocatoria de axudas económicas:** renovación do parque de maquinaria agrícola, rehabilitación de vivendas no rural, programa ALUGA, etc.
- **Anuncios compra/venta/troco das nosas explotacións**



Contracapa, páx. 16

- **Plan Conecta Mujer.**
Acceso a novas tecnoloxías no rural.

Esta publicación está cofinanciada pola



Estamos nunha crise profunda do Sistema Capitalista **Outro modelo económico é posible**

Vivimos nun sistema económico neoliberal caracterizado por ter no centro das políticas e das decisións aos mercados en vez de ter ás persoas.

Un sistema inxusto baseado na especulación onde todo vale con tal de que exista crecemento económico, e no que as que medran son só as grandes transnacionais.

Estas grandes multinacionais poderosas especulan cos alimentos, coa saúde, co medio ambiente, coa vivenda, cos cartos e até especulan coa crise.

Estes grandes beneficios que se multiplican anualmente fanse a costa das clases populares; os labregos e labregas europeas vemos como queren prescindir de nós coa liberalización total do comercio, a supresión de aranceis e traendo na medida do posible os alimentos de países terceiros onde escravizan ás persoas que os producen e onde non hai normativas medioambientais. E tamén facendo que as produtoras e produtores de alimentos en Europa cobremos prezos moi baixos polos nosos produtos ao

tempo que nos soben o prezo dos fitosanitarios, dos adubos, das sementes, etc, tamén nas mans das grandes corporacións.

A crise creárona os poderosos e estámola a pagar as clases populares.

Pagámola coa subida do IVE, coa conxelación das pensións, co deterioro dos servizos públicos, con máis presión fiscal, logo virá o anunciado atraso da xubilación,...

Todo isto mentres os grandes e poderosos teñen mecanismos para non pagar impostos, e o Estado présentalles o diñeiro de todos e todas, no lugar de pedirlle que saquen os cartos dos paraísos fiscais e que paguen polo que teñen.

Outro modelo económico é posible. Un modelo máis xusto, que nos permita vivir dignamente do noso traballo, onde paguen máis impostos os que máis teñen, onde non se permita especular coas necesidades básicas: cos alimentos, coa sanidade, coa vivenda, cos servizos públicos; un modelo que sitúe no centro ás persoas e que poña os mer-

cados ao servizo da xente.

Por este modelo social é polo que o Sindicato Labrego Galego levamos traballando dende os comezos, e polo que seguiremos loitando sen descanso.

Precisamos a regulación dos mercados, precisamos de prezos dignos para poder vivir do que producimos, queremos contar con bos servizos públicos, e non queremos dar nin un paso atrás en relación aos avances sociais conseguidos. Por iso imos mobilizarnos e participaremos na folga xeral.

Se tomamos conciencia de que o problema está no modelo, e se loitamos contra este neoliberalismo depredador, seremos capaces de manter o chamado "Estado do benestar" e pouco a pouco camiñar cara unha economía social, que vele pola nosa supervivencia como produtores/as de alimentos e pola soberanía alimentaria.

**MOBILICÉMONOS
E SUMÉMONOS
Á FOLGA XERAL!!**

O Congreso dos Deputados aproba a Lei de Morosidade

Pagos a 30 días para os produtos frescos e perecedeiros

En sesión do 17 de xuño o Congreso dos Deputados aprobou a proposta de lei 3/2004 que establece medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, e que vén de entrar en vigor o pasado 7 de xullo logo da súa publicación no BOE.

Na disposición adicional primeira, réxime especial para produtos agroalimentarios, di textualmente:

Os aprazamentos de pago de produtos de alimentación frescos e perecedeiros non excederán en ningún caso de 30 días a partir da data da entrega das mercadorías. Con relación aos produtos de alimentación que non sexan frescos ou perecedeiros os aprazamentos de pago non excederán en ningún caso de 60 días a partir da data de entrega da mercancía.

Tamén di textualmente no preámbulo: *Este prazo de pago non poderá ser ampliado por acordo entre as partes, co fin de evitar posibles prácticas abusivas de grandes empresas sobre pequenos provedores, que dean*

lugar a aumentos inxustificadas de prazo de pago.

No caso de cláusulas abusivas pactadas entre as partes, serán nulas, e poderemos os sindicatos agrarios persoarnos en nome dos asociados/as, en accións individuais ou colectivas, nos órganos xurisdiccionais ou nos órganos administrativos competentes para solicitar a non aplicación de tales cláusulas ou prácticas.

As administracións públicas promoverán códigos de boas prácticas comerciais e tamén adoptaranse sistemas de resolución de conflitos a través da mediación e o arbitraje.

Quedan excluídos desta lei os pagos nas operacións nas que interveñen consumidores/as; os intereses relacionados coa lexislación en materia de cheques, pagarés,... E os pagos de indemnizacións por danos; tamén as débedas sometidas a procedemento concursal.

No SLG celebramos a aprobación desta lei e estaremos



A Secretaria Xeral do SLG, Carme Freire, deu conta en rolda de prensa da posta en marcha desta nova lei, e afirmou: *"Xa facía falta unha lei destas características para impedir todo tipo de extorsión que dende as empresas, e principalmente dende as multinacionais, lévase facendo nos últimos anos coas nosas explotacións"*.

vixiantes para denunciar calquera tipo de abuso diante dos organismos de mediación recollido no Decreto, para deste xeito conseguir a eliminación de tódolos atrasos ou impagos existentes no sector agroalimentario.

Neste sentido é fundamental a información rápida e detallada de cada un dos afiliados/as que sufran atrasos no pagamento.

Se precisades máis información solicítadea no local do SLG máis próximo.

Xantar conmemorativo do 79º aniversario da proclamación da República Galega a cargo do SLG

Os colectivos da comarca de Ordes AC Lucerna e AC Foucelhas, canda a AC Revoltaina -de Bergantiños-, organizaron o pasado 27 de xuño unha festa conmemorativa do 79 Aniversario da proclamación da República Galega, declarada en Compostela durante a folga dos traballadores ferroviarios no 27 de Junho de 1931, xusto antes das eleccións ás Cortes Constituíntes da República Española.

Polo simbolismo do lugar, a festa fíxose na estación vella de Xesteda (Cerceda), abandonada ao paso do AVE, e situada à



Momento da lectura da declaración realizada no 1931 durante a proclamación da República Galega .



Ao mediodía tivo lugar un xantar popular con produtos das labregas e labregos da comarca, realizado polo Sindicato Labrego. Na imaxe, as compañeiras do Sindicato Sonia, Lurdes, Ana e Lidia.

beira do Lenguelle. A xornada contou coa proxección de documentais históricos, pasarrúas, exposicións, billarda e actuacións musicais.

Perdeuse a oportunidade de axustar a lexislación á realidade da Galiza

Decreto do Produto Caseiro

No ano 2008 o goberno bipartito BNG-PSOE comezou a tramitación do Decreto para regular a "artesanía alimentaria" na Galiza, onde incluían a regulación do produto caseiro. O mesmo Decreto segue a súa tramitación nestes momentos co goberno do PP, estando só pendente de trámites internos da Administración, polo que é moi posible que entre en vigor proximamente.

Aínda que no Sindicato Labrego Galego estamos dacordo coa definición que se fai do produto caseiro, e malia que mesmo admitiron algunhas das alegacións que presentamos, cremos que as normas que pretenden establecer non van favorecer que as explotacións poidamos vender normalmente o noso produto.

Non conseguimos facerlle entender a Consellería do Medio Rural, nin no ano 2008 nin agora, que non queremos outro selo para poñerlle á comida, se non que axusten á lexislación á realidade para que poidamos vender produto caseiro fresco e transformado das nosas explotacións.

Tampouco quixeron enten-

der que non queremos alimentos de gama alta para as tendas de gama alta aos que só poidan acceder as familias cun maior poder adquisitivo, senón que pensamos que todas as persoas temos que poder ter á nosa disposición o produto caseiro.

Tamén tentamos facerlle ver que unha granxa normalmente vende variedade de produtos frescos ou transformados e incluso carne (polos, coellos, años, porco, chourizo...). Pero a Administración elaborou o Regulamento pensando nas que venden un só un produto.

E, por último, tampouco conseguimos que entenda a CMR que as explotacións que

venden moitos produtos en pequenas cantidades non son marxinais, e que a venda destas pequenas cantidades supón un recurso importante para moita xente.

Hoxe, máis ca nunca, cando se pretende uniformizar as culturas alimentarias en todo o mundo e someter á cidadanía produtora e consumidora aos intereses exclusivos das grandes multinacionais da alimentación, é necesario que defendamos os produtos caseiros como un patrimonio do pobo galego.

Cómpre impedir que a lexislación lle permita ás empresas transformadoras apropiarse do prestixio que ten o produto caseiro grazas ao noso saber facer, e tamén temos que impedir que se legalice que as empresas poidan elaborar e vender un falso caseiro, pois o caseiro só pode ser feito por nós, os labregos e as labregas, e nas nosas casas. Vemos tamén que, na actualidade, hai moitas máis consumidoras e consumidores que están preocupados polo que comen, de onde vén, como



foi producido, como se comercializa e tamén comézase a preguntar por que non poden mercar o do seu concello ou da súa comarca se hai produción.

Temos que seguir traballando e pelexando porque se recoñeza a realidade das pequenas explotacións de Galiza, máxime cando se está a producindo un cambio en cada vez máis consumidores e consumidoras e incluso en concellos e noutros ámbitos que empezan a reclamar poder comprar alimentos producidos e elaborados por labregas e labregos.



No SLG temos realizado varios mercados reivindicando o dereito a vender produto caseiro.

A loita contra as minas n' A Terra Chá no C. S. Atreu

O pasado 8 de xullo o SLG participou nunha palestra informativa organizada polo Centro Social Atreu d' A Coruña para abordar a problemática da agresión á vida e ao territorio na Terra Chá que supón o proxecto de explotación de recursos minerais que pretende levar adiante a empresa de capital noregués Erimisa. A forza e a unión da veciñanza chairega está a ser moi valorada e recoñecida no noso país, sobor de todo nun momento en que a nosa terra semella estar permanentemente baixo un cartel de ameaza de expropiación, xa sexa para o lucro directo dunha empresa privada, como é o caso do conflito das minas ou as piscifactorías, coma polo hábito de declarar de "utilidade pública" muíños eólicos ou plantas de biomasa para xerar enerxía para outros, namentras en moitas aldeas da Galiza seguese a ir a luz tódolos invernos.



Margarida Prieto -Coordenadora comarcal do SLG n' A Terra Chá- e Carlos Montero -voceiro da Comisión de Asociacións en contra das Minas da Terra Chá- transmitiron as claves desta exemplar loita veciñal.

REMOLQUES E CARGADORES FRONTAIS

O remolque é o apeiro máis empregado para o tractor. Existen diferentes tipos en número, disposición das rodas, materiais de construción, tara e capacidade de carga. Tamén varía o estado de conservación e dotación de medios de seguridade. A meirande parte dos riscos están presentes nos modelos que carecen de enganche directo e precisan doutra persoa para suxeitar a lanza durante as labores de acoplamento e desacoplamento.



Co financiado por:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR
Dirección Xeral de Relacións Laborais

TIPO DE RISCO	FACTORES DE RISCO	MEDIDAS PREVENTIVAS
Caída de persoas a diferente nivel.	<ul style="list-style-type: none"> ■ Uso de accesos precarios para ascender e descender da cama do remolque (apoiándose nas rodas ou nas nervaduras das cartolas). ■ Restos do gran do cereal sobre a chapa metálica do remolque. ■ Forza excesiva no lanzamento da paca cando se carga o remolque co aupapacas. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ Os remolques deberán ter accesos fixos ata a cama, con estribos laterais e asideiros. ■ Limpeza da cama e dos accesos ó remolque: eliminar os restos de cereais, abono, lama, etc. ■ Extremar as precaucións cando se efectúe o tendido de lonas nos días de vento forte. ■ Coordinación entre as persoas que manipulan o aupapacas e os que apilan enriba do vehículo. ■ Nunca se deterá frontalmente unha paca.
Caídas de obxectos desprendidos e golpe de obxectos ou ferramentas.	<ul style="list-style-type: none"> ■ Carga-descarga incorrecta do remolque. ■ Uso non axeitado dos cargadores. ■ Apilamentos mal feitos. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ Apilamentos estables. ■ Circular coa forcada en posición axeitada, segundo o caso.
Atrapamentos por/entre obxectos.	<ul style="list-style-type: none"> ■ Carecer de enganche directo. ■ Subida ás cartolas no momento de montar no tractor. ■ Enganche-desenganche do tractor, sen as debidas medidas de seguridade. ■ Transmisión por cadeas, correas, etc. ó descuberto. ■ Ubicación dunha persoa no percorrido do mecanismo cando se carga o remolque co aupapacas. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ Emprego de sistemas de enganche seguros. ■ Protexer engrenaxes e órganos de transmisións con carcacas. ■ Gardar a proporcionalidade entre os distintos elementos (tractor, remolque e/ou cargador). ■ Empregar sempre o pasador de seguridade. ■ Empregar calzado de seguridade con punteira reforzada.
Atrapamentos por envorcamentos da máquina.	<ul style="list-style-type: none"> ■ Nos remolques dun único eixe, xiro brusco en torno ó eixe no sentido do extremo que porte máis peso. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ Nos remolques dun único eixe, non desenganchar remolques parcial ou totalmente cargados. ■ Formación en métodos de traballo seguros. ■ Apilamento estable e seguro. ■ Suxeición correcta.
Sobreesforzos.	<ul style="list-style-type: none"> ■ Carga-descarga remolque. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ Formar ó operario na manipulación manual de cargas. ■ Uso de cinto e faixa.
Accidente de Tráfico.	<ul style="list-style-type: none"> ■ Enganche do remolque no punto máis alto para incrementar o rendemento da tracción, cando vai o remolque sobrecargado. ■ Velocidades excesivas en terreos con moita pendente. ■ Deficiente alumeado e/ou sinalización do remolque. ■ Carencia dos faros traseiros, avariados ou apanallados por lixo. 	<ul style="list-style-type: none"> ■ O remolque deberá pasar as ITV. ■ Non sobrecargar o remolque. ■ Respetar o peso máximo engadido conforme á indicación da empresa fabricante. ■ Enganchar o remolque ó tractor no punto máis baixo sinalado polo fabricante. ■ Nunca desprazar o tractor en punto morto. ■ Conectar o xirofaro. ■ Comprobar periodicamente os freos, os intermitentes e as luces de freado. ■ Respetar o Código de Circulación. ■ Información/formación sobre o modelo do tractor e remolque a empregar (Manual de Instrucións do fabricante).

Algúns datos importantes sobre a LEI DE DEPENDENCIA en Galiza

Dende 2007 está en vigor a Lei da atención á Dependencia e súa implantación está sendo progresiva, conforme ao grao de dependencia que se lle recoñeza á persoa. No 2010 poden ser beneficiarias as persoas cualificadas como grandes dependentes, ou dependentes severos (graos III e II en ámbolos niveis).

1 Que número de persoas en Galiza teñen recoñecido o dereito á prestación?

En Galiza, rexistráronse 64.328 solicitudes, das cales 60.108 foron ditaminadas, e deste número un total de 46.995 teñen dereito a prestación, concretamente 30.079 de grao III e 16.916 de grao II.

O procedemento para acceder aos servizos ou prestacións económicas en Galiza iníciase coa **solicitud de recoñecemento de grao e nivel de dependencia** e, unha vez que estea valorada a persoa, establécese o Programa Individual de Atención (PIA), coa participación da persoa dependente e/ou a familia.

É neste momento cando se **elixe entre servizos ou prestacións económicas**. Dependendo da opción seleccionada, determinarase cando se inicia o recoñecemento do dereito a recibir apoios por ser unha persoa dependente.

2 Cando se comeza a recoñecer o dereito nun e noutro caso?

SE SELECCIONA SERVIZOS, estes serán **públicos ou concertados**, e o inicio do recoñecemento do dereito a gozar deles comezará o mesmo día que se preste o servizo (residencia, centro de día/noite, servizo de axuda no fogar ou teleasistencia).

O tempo que transcorra dende a solicitude ata que comece a gozar do servizo non se terá en conta.

SE SELECCIONA PRESTACIÓN ECONÓMICA, a efectividade do dereito ás axudas económicas comeza o **día 1 do mes seguinte da solicitude**, sempre que se estea cualificado con grao III ou grao II, é dicir, conforme ao calendario establecido e cumprindo os requisitos de cada prestación.

3 Que número de persoas emprega en Galiza cada opción?

En Galiza, segundo datos de marzo de 2010, **4.776 persoas** empregan centros residenciais públicos, **1.381** acoden a centros de día, **4.683** teñen o servizo de axuda no fogar e **125** teleasistencia.

No noso país é salientable o feito de que 18.140 persoas reciben prestacións económicas vencelladas aos cuidados familiares, 1.487 reciben prestacións económicas relacionadas con servizos (sen posibilidade de praza pública concertada) e unicamente 29 dispoñen dunha prestación económica vencellada á asistencia persoal. En Galiza a prestación económica denomínase libranza e é incompatible co resto dos servizos, agás co servizo de Teleasistencia.

4 Cando se recoñece o dereito tense acceso de inmediato ao servizo?

Se seleccionase un tipo de **servizo no PIA**, a/o solicitante queda á espera de prazas dispoñibles públicas ou concertadas.

Se selecciona unha **prestación vencellada ao servizo** (estes serán privados), a axuda percíbese con carácter retroactivo, dende que se estea recibindo o antedito servizo e se poda acreditar con facturas ou contratos.

Se elixe a **prestación económica de cuidados no contorno familiar**, do mesmo xeito que a anterior, recoñecerase dende a solicitude, sempre que estea sendo xa atendido no enderezo e cumprindo coas condicións de idoneidade do coidador ou coidadora, habitabilidade de vivenda e boas relacións de convivencia. Se se selecciona **asistencia persoal** (só destinado para grandes dependentes) recoñeceráselle o dereito dende o inicio da solicitude, sempre que poda acreditar os servizos prestados con contrato laboral directo ou factura dunha entidade privada.

5 Pódese cambiar de opinión ou modificar por un cambio de circunstancias?

As persoas en situación de dependencia poden cambiar de opinión en relación coa elección dos servizos ou prestacións iniciais e tamén poden cambiar as súas circunstancias.

Por exemplo, o coidador ou coidadora poden caer enfermos, xurdirilles un traballo... **Está previsto na lexislación que o programa individual de atención (PIA) poda ser modificado e se poda adaptar ás distintas circunstancias da persoa dependente.**

Poderíanse elixir, en primeiro lugar, prestacións económicas (coidado no fogar ou empresas privadas) e, unha vez que estean aprobadas con carácter retroactivo, se así se estimase, solicitar a revisión do PIA para a súa modificación e requirir outros servizos.

A Administración dálles prioridade aos servizos fronte ás prestacións económicas.

Sen embargo, a realidade indícanos que **se eliximos servizos públicos ou concertados, o período que transcorre dende a solicitude ata que dispoñemos do servizo**, malia estar recoñecidos como persoas dependentes e, polo tanto con necesidades manifestadas de precisar apoios para realizar as actividades básicas da vida diaria, **NON recibirá ningún tipo de compensación** polo cuidados prestados nese período de tempo, que pode prolongarse máis dun ano.

EN XERAL COMO TEN QUE SER A FORMACIÓN DAS PERSOAS COIDADORAS?

Para **acreditar o requisito de idoneidade, o coidador ou coidadora familiares ou do contorno**, deberán cumprir polo menos cunha **formación básica e mínima** (recollida no BOE do 27 de novembro de 2009). Establécese que os programas de formación inicial se realizarán prioritariamente no PRIMEIRO ANO a partir da RESOLUCIÓN pola que se concede a prestación económica para cuidados no contorno familiar.

O total de horas iniciais non poderá ser inferior a 15 horas e a formación específica non será inferior a 10 horas agás excepcións.

O Sindicato Labrego Galego, en colaboración coa entidade Solidaridad Intergeneracional, está desenvolvendo esta formación nas catro provincias galegas. As persoas interesadas en recibir esta formación gratuíta poderán INFORMARSE NO LOCAL DO SLG DA SÚA COMARCA.

Leite: o prezo da calidade

É posible que non sexa nada novo que a industria láctea utilice a manipulación das calidades do leite para xustificar baixadas de prezo, pero dende a existencia do Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite (LIGAL) pódese dicir que *non era frecuente* esta práctica.

Mais nos últimos tempos de desbaraxuste e caída en picado do prezo do leite converteuse nun hábito que unha parte da industria e primeiros compradores fan de xeito habitual (hai outra parte da industria da que non nos consta ningunha anomalía denunciábel o correxible).

Tamén o sistema de control de inhibidores converteuse nun novo campo para ser utilizado, ás veces sen razón, para quitarlle cartos ás explotacións.

Esta non é actualmente a única práctica anómala, xa que os acordos acadados no seo da Mesa do Leite, de simetría na aplicación de primas de calidade e de redución da horquilla das primas de cantidade a 3 céntimos fai tempo que non se cumpre.

Ademais, moitas industrias tamén cambiaron os seus mínimos de proteína e graxa sen preguntar nen acordar nada con ninguén, co cal todos e todas temos un pouco a impresión de que unha parte da industria esta facendo o que lle dá a gana á hora de impoñer os seus prezos, que a fin de contas é o importante.

Por estas razóns, o sector

produtor imos defender que se homoxenice o leite tipo (mínimos de graxa e proteína) nos recibos, e que se unifique un sistema de penalización por incumprimentos de inhibidores, xa que actualmente a moita xente estáselle a penalizar, cando dan positivo, cos custos de destrución dunha cisterna enteira, cando na maioría dos casos nin sequera se destrúe, debido a que a dilución provoca que o conxunto da cisterna non dea positivo, aínda que dera un ou unha produtora individual, e, ademais, en moitos casos a contaminación pode deberse a malas prácticas de carga ou trasvase.

Tamén imos propoñer, o sector produtor, cousas coma que se nos informe das calidades das cisternas en muelle, información que nestes momentos soio percibe o comprador e que as cooperativas, e incluso os/as produtores/as individuais tamén temos dereito a coñecer, e que teñamos información periodicamente das incidencias e inhibidores que existan en todas as rutas.

Así mesmo, e co fin de devolver á parte produtora a confianza e credibilidade no

sistema de mostreo, pediremos que se usen botes con precinto, de xeito que non poidan ser abertos mentras son transportados dende a explotación agraria ao laboratorio, e que se aumente o número de mostreos, incluso que se mostreen todas as recollidas co fin de que se existe algunha moi diferente non se convirta en representativa.

Claro que posiblemente non abonde con pedilo, e se creemos que estas propostas deben ir adiante, tamén teremos que defendelas no día a día ata conseguilas, igual que case todas as cousas.

O que se pretende é que o sistema sexa o máis fiable e garantista posible para o sector produtor, sendo conscientes de que o LIGAL é o único que pode e debe cumprir ese papel de obxectividade e imparcialidade, e tamén para demostrar que o sector produtor somos os primeiros interesados e interesadas en ofertar unha produción de calidade; pero o que non estamos dispostos a admitir é que se nos manipule



a calidade para xustificar baixadas de prezo que doutro xeito serían absolutamente inadmisibles, e poñendo así en tela de xuízo o bon facer de todo un sector que temos demostrado a nosa capacidade de avance e de mellora das nosas producións.

Na reunión da Mesa do Leite do pasado día 1 de xullo acordamos tratar tamén todos estes temas nunha nova reunión a celebrar cara a finais do mes, e co fin de poñer en práctica vellos acordos e empezar un camiño que pouco a pouco nos leve a superar e mellorar a actual situación.

CAMPAÑA INFORMATIVA E DE DEBATE SOBRE A **CRISE ECONÓMICA** E SOBRE AS CONSECUCENCIAS DOS **TRANSXÉNICOS** (ORGANISMOS XENÉTICAMENTE MODIFICADOS) NO SECTOR AGROGANDEIRO

12 de agosto	Chantada
13 de agosto	Ribadavia
17 de agosto	Xinzo
19 de agosto	Vilalba
19 de agosto	O Barco de Valdeorras
20 de agosto	Lourenzá
24 de agosto	Meira
24 de agosto	A Estrada
26 de agosto	Teixeiro

Fiare

Como xa vos temos informado en anteriores números do Fouce, o Sindicato Labrego Galego está participando nun proxecto financeiro de carácter social, Fiare.

Esta iniciativa naceu no 2003 para a promoción da banca ética co obxectivo de crear unha ferramenta de intermediación financeira -en forma de cooperativa de crédito- que vele polo interese común, pola participación e a transparencia, e polo servizo á xustiza.

Isto permite dirixir o aforro de persoas, familias e organizacións cara a proxectos que supoñen unha transfor-

mación da nosa sociedade e rescatar o valor social do diñeiro e a actividade económica, poñéndoos ao servizo dun mundo máis xusto, humano e sustentable.

Fronte ao sistema bancario especulativo imperante, Fiare propónse:

- Financiar unicamente actividades económicas con impacto social positivo.

- Ofrecer ás persoas aforradoras e investidoras responsábeis a posibilidade de apoiar estas actividades.

Fiare opera guiada pola avaliación éticosocial dos proxectos, a transparencia real, o traballo en colaboración coas redes locais existentes e a ausencia do ánimo de lucro.

Máis información no teu local comarcal.

Accións reivindicativas simultáneas na Galiza e en Bruxelas

Rexeitamos as propostas do Grupo de Alto Nivel da UE para o sector leiteiro

Como consecuencia das mobilizacións que o sector leiteiro europeo iniciou no pasado ano 2008, a finais do 2009 a UE decidiu que un Grupo de Alto Nivel (GAN) examinara a crise do leite. Na mañá do pasado 12 de xullo, este grupo presentou diante do Consello Agrícola, integrado polos ministros e ministras de agricultura dos 27 países da UE, as súas conclusións para saír da crise do sector leiteiro. O SLG realizou na Galiza e participou en Bruxelas nas mobilizacións coas que o sector produtor amosou a súa disconformidade coas conclusións destes supostos expertos/as.



En Bruxelas, intervención de Lidia Senra -Secretaría de Organización do SLG- coma Responsábel do Grupo de Traballo de Producións Animais da Coordinadora Europea Vía Campesina. Senra formou parte da delegación da CEVC que o 28 de xullo se reuniu coa Presidenta do Consello Agrícola, Sabine Laurelle. Ao día seguinte, Senra transmitiu tamén á Comisión de Agricultura as propostas da Coordinadora para rematar coa crise do leite en Europa.

Rexeitamos as indicacións do Grupo de Alto Nivel (GAN) en primeiro termo porque nas súas conclusións non aborda a necesidade do control da produción -equilibrando a produción europea ao consumo- para manter prezos remuneradores que cubran custos de produción e traballo. E non debemos esquecer que esta crise de prezos desatouse no momento en que se anunciou a intención da Comisión de rematar co control da produción de leite na UE mediante a supresión das cotas.

Tampouco trata a cuestión do reparto da produción entre Estados e a redistribución entre as explotacións da UE.

Non é de recibo manter a situación actual, na que algúns estados, por teren chegado antes á política leiteira da UE, acaparan unha cantidade de produción moito superior á do seu consumo, en tanto que os países do sur, centro e leste de Europa, que entramos posteriormente, temos que nos conformar cunha cota de produción inferior ao noso consumo.

Tampouco que haxa grandes explotacións industriais que producen grandes cantidades, en tanto que os pequenos produtores/as non teñen dereito para poder producir unha cantidade suficiente para obter unha renda mínima.

Asemade, non se aborda a demanda fundamental do prezo. Malia falar de cuestións coma o contrato, e mesmo vinculalo nas súas

conclusións á estabilización do prezo "nós sabemos que isto é absolutamente falso -sentenciou Senra- Aquí, ou hai medidas políticas de cara a permitir o establecemento de prezos que cubran custos de traballo e produción ou todo ficará en papel mollado."

A contractualización prantexada polo GAN vai no sentido de remprazar o control público da produción por contratos privados entre produtores/as e empresas, o cal non vai resolver nada a nivel de regulación da produción, e ademais repercutirán negativamente nos produtores/as, como podemos comprobar xa no caso de Suíza, que dende fai dous anos funciona con este sistema e onde o seu sector produtor foi dos máis danados pola crise.

Os contratos teñen sentido só se previamente se dá unha negociación colectiva do prezo, como afirmamos non só o SLG e a CEVC, senón tamén persoas expertas consultadas pola propia Comisión Europea, que afirman que os contratos non porán en igualdade de condicións ao sector produtor e industrias.

No tocante ao poder de negociación dos

produtores/as, fica claro que este será nulo se finalmente nos atopamos nun marco onde vai haber todo o leite que se queira producir, é dicir, nun mercado cun alto grao de oferta.

Outro punto que debería ter tratado o GAN é o dos modos de produción. Non podemos seguir tendo a nivel europeo unha produción totalmente dependente de pensos que veñen de fóra da UE. Europa ten un territorio grande abondo para poder producir en base á terra, con pastos, e sería un modo de relocalizar a produción nas zonas agroclimaticamente favorables.

Ademais, dende a CEVC temos claro que este cambio de modo de produción é fundamental para facer fronte a un problema que afecta moito aos labregos e labregas e a toda a cidadanía en xeral: o cambio climático.

Por último, o GAN non abordou a problemática do dumping que os produtores e produtoras europeas estamos a realizar noutros mercados. Dumping provocado por unha política leiteira que fomenta as subvencións á exportación en troques de garantir un prezo xusto para o leite que cubra custos de produción e traballo.



A primeira hora da mañá do luns 12 de xullo, no marco dunha entrevista que a Responsábel do Sector leiteiro, Lupe Prado -na imaxe, falando para os medios de comunicación-, e a Secretaría Xeral do SLG, Carme Freire, mantiveron co Delegado do Goberno, Antón Louro, trasladáronlle as preocupacións e medidas propostas polo Sindicato, coincidentes co documento elaborado polo resto de organizacións integradas na Coordinadora Europea Vía Campesina, para rematar coa crise do sector leiteiro que está a afectar a todo o territorio comunitario. Logo desta xuntanza tivo lugar unha xornada de formación, reflexión e debate dos gandeiros e gandeiras do SLG, co obxectivo de dar a coñecer as propostas do GAN, analizalas e afondar nas solucións que queremos aportar dende o Sindicato.

A enfermidade da LINGUA AZUL (II)

Segunda parte do artigo realizado pola gandeira e enxeñeira de montes, Eva Martín Jiménez, publicado en abril no nº18 da revista Vacunación Libre, editada pola Liga para a liberdade de vacinación. No número 278 do Fouce abordamos a definición desta enfermidade, así coma a súa historia e propagación.

Evolución da enfermidade e da campaña de vacinación no Estado español

No Estado español comezouse cunha campaña de loita preventiva (RASVE) contra a Lingua Azul (LA) baseada en:

- Control do vector, creando unha rede de mostreo para ver a evolución da enfermidade por todo o territorio.

- Protección de ruminantes fronte ó vector, co uso de insecticidas.

- Control de movemento de animais, inmobilizándose as zonas restrinxidas (20 km. en torno a un foco).

- Vacina obrigatoria do 2000-2006: atenuada, e do 2005 en diante inactiva en zonas restrinxidas e as súas comarcas agrarias.

As medidas adoptadas non van a erradicar a enfermidade como se pretende

A vacina ofrece unha protección limitada, requírese vacinación anual S1 e semestral no caso de gando vacún S8. O que supón vacinación anuais ou semestrais de por vida.

Plantexar o uso masivo de insecticidas nas explotacións é absurdo, un perigo para o medio ambiente e plantexar unha carga máis ás gandeiras e ós gandeiros que lles afectará non só sobre o seu peto, sobre a saúde e a dos seus animais.

A axuda da UE para a vacina na campaña 2009-2010 ascende a 21 millóns de euros só para España que servirá para financiar o 50% do custo total.

O exemplo de Suráfrica e de Israel onde vacinacións múltiples e repetidas se practican dende décadas é unha demostración de que a erradicación é unha imposibilidade absoluta.

O caso do sur de Italia é explícito. Os Cullicoides imícolas instalados dende fai 7 anos refórzanse cada verán polos ventos quentes de África ou de Cerdeña e manteñen endémicos os virus 4, 9 e 16, a pesares dos 3 a 4 anos de vacinación. Non houbo erradicación e o máis seguro é que non a haxa, os virus seguen circulando.

Cronoloxía da entrada dos diferentes serotipos na península

No 2004 aparece o serotipo 4 en Andalucía extendéndose a Extremadura e dándose por erradicado no 2009 en España (ata que aparece un novo foco. O que non é pouco probable, veu do norte de África, está extendido polo sur de Italia, Córcega e Cerdeña).

No 2007 serotipo 1 en Andalucía extendéndose por Castilla La Mancha, Madrid e saltando ó norte (Asturias, Guipúzcoa)

No 2008 entra o serotipo 8, posiblemente dende Francia aparecendo poucos focos (Cantabria 12, Lugo 1, Málaga 17).

Ata o momento a estratexia foi a referida arriba; aínda que para o S8 establécese como zona restrinxida cun radio de 150 km.

Na campaña 2008-2009 declárase todo o Estado agás Canarias e Baleares zona restrinxida para o serotipo 1 e 8. Vacinándose de xeito obrigatorio e masivo en toda a península toda a cabana ovina e bovina. Posiblemente coa finalidade de facilitar as transaccións de animais vivos dentro do estado ou con terceiros países.

"En zonas afectadas por primeira vez, o virus provoca graves perdas económicas, sobre todo no gando ovino, non tanto polos efectos da enfermidade, senón polas consecuencias que provoca sobre o comercio de gando e a gran dificultade que supón o seu combate e erradicación." Gresa.

A situación de quencemento de determinadas zonas e de mundialización dos intercambios comerciais é moi favorable ós vectores e o risco de aparición en Europa de novas patoloxías, vectoriais ou non, é seguro.

¿Cál vai a ser a política: destruír o patrimonio xenético dos nosos animais adaptados ó medio, por unha mellor adaptación ós fármacos e vacinas, creando unha maior dependencia ó sector gandeiro?

Quizáis a estratexia máis interesante sería tentar convivir coa enfermidade como noutros lugares de onde é endémi-

"A vacinación actúa paliando a sintomatoloxía clínica e reducindo a excreción vírica nos animais, limitando a difusión." OIE. Polo tanto non eliminándoa.

Nesa campaña 2008-2009 podemos considerar a enfermidade xa endémica.

- Existen reservorios tamén na fauna salvaxe e cabras que se escapan desta política vacinacionalista.

- Transmisión trasovárica. A posta do cullicoides infectado da lugar a insectos portadores, que poden permanecer no esterco durante o inverno. (En estudo)

- Os adultos poden sobrevivir ó inverno no esterco.

- O virus mantense durante meses no animal infectado ata que é totalmente eliminado polo bazo.

- Está demostrado o nacemento de crías virémicas de nais infectadas.

- Os Cullicoides son capaces de desprazarse en masas de aire ata 700 km.

- No sur do Estado hai zonas onde o vector persiste case todo o ano.

- Nas zonas co 100% de vacinación estatais seguen saíndo focos de LA (Extremadura) RASVE. (Animais que non entraron na campaña por idade insuficiente ou animais mal vacinados?)

O contacto dalgunhas sspp. Cullicoides de zonas frías con serotipo, pode convertilos en novos vectores. (ex. C. Obsoletus)

ca e dende fai séculos o fan animais domésticos e salvaxes totalmente adaptados.

A parte máis importante sería deixar liberdade ó sector gandeiro de elixir a estratexia de cómo enfrontarse á enfermidade con ou sen a vacina. Asumir a convivencia significa traballar máis activamente o gandeiro e a gandeira non delegando a sanidade dos seus animais ás empresas farmacéuticas.

Esta opción creo que da garantías maiores que as que ata o de agora de están dando coa vacinación obrigatoria.

Manuel Docampo Paradelo, Responsable do Sector do Viño do SLG

A INSPECCIÓN DE TRABALLO QUERE ACABAR CO SECTOR DO VIÑO EN GALIZA

Cando un Inspector/a de traballo usa o método do medo no lugar dun procedemento administrativo, e non levanta acta da inspección nen abre expediente, pero sí

nos reclama de palabra unha actuación, está comportándose ao marxe da legalidade e, de ser así, nós debemos tratalo como a un ladrón/a ou a un estafador/a.

Inspectores de traballo andan polas viñas na procura de cotizantes á Seguridade Social Agraria.

Consideran actividade agraria: o feito de estar traballando, a posesión de 1ha. ou máis de terra agraria, e o ter ingresos agrarios declarados na renda.

Cando a persoa inspeccionada entra dentro de criterios claros na normativa da Seguridade Social iníciase un expediente; pero cando o caso non está dentro da normativa faise a inspección de traballo sen levantar acta e non se inicia expediente, pero presiónase á persoa en concreto para que sexa ela a que pague anos atrás os meses que considera o inspector segundo a renda agraria bruta, e sen que medie ningún tipo de comunicación oficial escrita.

Deste xeito a persoa inspeccionada queda indefensa sen poder recorrer e resulta difícil denunciar este procedemento irregular.

Esta é unha práctica que se está a xeralizar nas zonas vitícolas da provincia de Ourense, dándose a casuística de que incluso por unha declaración de 1.500 € anuais de ingresos brutos de uvas fáiselle pagar –polo método do medo– con carácter retroactivo, tres meses á seguridade social.

Ao mesmo tempo que isto acontece, a outras persoas con explotación agraria e que non declararon ingresos agrarios nun ano danas de baixa do Réxime Especial Agrario e consideran que están a facer fraude.

Nestes casos o concepto “propiedade de terra agraria” ou o de “actividade agraria” non abonda para permitir a al-



“No caso de sufrir a visita da Inspección de Traballo, debemos esixir identificación e acta de inspección, e logo acudir a un local do SLG”

ta agraria na Seguridade Social. Posiblemente a lei non sexa moi clara, e a realidade da Galiza, con un alto número de pequenas explotacións familiares (algunhas delas de autoconsumo) non encaixe moi ben nas definicións de actividade agraria.

Tampouco o simultanear o traballo das fincas con outras actividades fixas ou esporádicas (como o servizo de extinción de lumes,etc.) incluso con períodos curtos de desemprego polo medio.

Pero non podemos permitir que a Administración do Estado funcione como capricho do funcionario/a de turno, e se interprete dun xeito diferente a lei cando ti pides a alta no Réxime Especial Agrario da Seguridade Social que cando a

Inspección de Traballo te sanciona.

A maior parte das persoas que están a traballar as viñas en Galiza son xubiladas, do resto unha maioría teñen outros traballos sendo os ingresos de uvas un complemento económico.

En todos os casos estas persoas pagan a facenda polas vendas obtidas, incluso por aquelas uvas que non cobraron.

Con este panorama o Estado terá que decidir se o que pretende é deixar á xente sobrevivir nun medio rural despoboado e empobrecido ou quere acabar coa nosa viticultura, coas nosas ribeiras, coas nosas aldeas e coas poucas persoas que aínda quedamos a vivir nelas.

Requisitos que hai que cumprir para poder darse de alta no Réxime Especial Agrario da Seguridade Social, segundo a Lei 18/2007, do 4 de xullo:

a) Ser titulares dunha explotación agraria e obter, polo menos, o 50 por 100 da súa renda total da realización de actividades agrarias ou outras complementarias, sempre que a parte de renda procedente directamente da actividade agraria realizada na súa explotación non sexa inferior ao 25 por 100 da súa renda total e o tempo de traballo dedicado a actividades agrarias ou complementarias destas, sexa superior á metade do seu tempo de traballo total.

b) Que os rendementos anuais netos obtidos da explotación agraria por cada titular non superen a contía equivalente ao 75 por 100 do importe, en cómputo anual, da base máxima de cotización ao réxime xeral da Seguridade Social vixente no exercicio en que se proceda á súa comprobación.

c) A realización de labores agrarias de forma persoal e directa en tales explotacións agrarias,...

Das Unidades de Xestión Forestal (UXFOR) ás Sociedades de Fomento Forestal (SOFOR)

Risco de especulación coa xestión conxunta dos montes privados



A Consellería de Medio Rural ven de presentar as Sociedades de Fomento Forestal (SOFOR), unha nova figura que pretende agrupar parcelas de propietarios e propietarias de montes privados, e que substitúe ás anteriores Unidades de Xestión Forestal (UXFOR).

Fai moito tempo xa que se constatou no País a necesidade de dar solución á problemática do excesivo fraccionamento do monte privado.

Unha xestión conxunta das parcelas permitiría aumenta-la superficie de actuación de cara a unha maior facilidade nos traballos e un maior rendemento, e o que é máis importante: unha maior ordenación de usos e diversificación da produción, acadando un mellor desenvolvemento do medio rural vivo polo que loitamos as labregas e labregos en particular e a sociedade galega en xeral.

Dende o Sindicato Labrego Galego cremos que se debe artellar unha fórmula que implique a participación da sociedade rural, a capacidade de decisión dos propietarios/as, a valorización dos nosos montes, etc... E, neste senso, a figura das Sociedades de Fomento Forestal (SOFOR), presentada pola Consellería de Medio Rural, non serve para solucionar os problemas do noso monte:

As Sociedades de Fomento Forestal

artícuñanse cun marcado "tinte" empresarial ó ampararse baixo o epígrafe das S.L., cos compromisos fiscais que pode implicar para unha produción primaria.

Outro aspecto "empresarial" da nova figura é a entrada de capital externo na sociedade, que pode supoñer un até un 49% das participacións sociais, o que concede ó interese empresarial unha gran capacidade de decisión sobre o futuro dos montes galegos agrupados baixo a figura de SOFOR.

A cuestión fundamental da multifuncionalidade do monte, representada historicamente polos seus fins sociais, medioambientais e de diversidade produtiva, verase desfavorecida polas limitacións impostas en canto a superficies mínimas, baseadas no tipo de "cultivo arbóreo" ó que se destinará a superficie, obviando calquera outro tipo de usos (silvopastoral, apícola, micolóxico, roteiros, aulas da natureza...) e poñendo trabas á combinación destes.

No tocante ao plano económico,

segundo se indicou na presentación, a Consellería subvencionará o 100% do investimento para realizar concentracións privadas das terras xestionadas polas SOFOR.

Mais, se unha vez que se inicia a xestión conxunta das parcelas, estas funcionan dende xa como un ente único no que os/as propietarios/as posúen unhas cotas de participación en función do aporte inicial de terras e/ou bens, para que é necesario fomentar mediante axudas económicas a concentración forestal das parcelas, se a efectos prácticos estarían sendo xestionadas xa como se estiveran concentradas?

Este dobre financiamento dun mesmo obxectivo choca de fronte co plan de austeridade que se nos quere facer crer que impoñen dende a Xunta de Galicia.

Sería bastante máis útil destinar esas dotacións orzamentarias para poñer en orde a incorrecta revisión catastral do País, ou o que sería mellor, cumprir cunha obriga inmemorial da Administración galega como é deslindar os Montes Veciñais en Man Común.

Deberíanse estender tamén aos propietarios/as e ás comunidades de montes as axudas destinadas á realización dos imprescindibles Instrumentos de Xestión Forestal, que no caso das Sociedades de Fomento Forestal poderían ascender ata o 100 % do custo.

Continuando na liña da necesidade de racionalizar os investimentos públicos, un aspecto que non está definido no borrador do Decreto é a forma na que as UXFOR que tiñan iniciado o proceso de constitución se poden acoller a esta nova figura, tendo conta de aproveitar o traballo documental e sobre o terreo xa realizados.

Dende o Sindicato Labrego Galego e dende a Asociación Frouma estanse realizando achegas ao borrador nos procesos abertos no Consello Forestal de Galiza e na Mesa da Madeira, a fin de incorporar melloras que garantan aos propietarios e propietarias o control e decisión sobre a xestión que se realice das terras -por riba da entrada de capital externo-, limitando a participación de socios únicamente capitalistas tanto na Xunta Xeral coma no órgano de Administración, para que deste xeito as decisións dos veciños e veciñas sexan as que prevalezan.

Terceira acción internacional da MARCHA MUNDIAL DAS MULLERES

Ao longo do 2010 a Marcha Mundial das Mulleres, movemento do que forma parte a Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego Galego, está a facer escoitar miles de voces en todo o mundo nunha loita global contra as causas da pobreza e da violencia que nos afectan ás mulleres. O pasado 29 de xuño, arredor de 500 mulleres de Europa recibiron a caravana feminista dos Balcáns no parque Gezi, no centro de Estambul, Turquía.

Coincidindo coa celebración do Foro Social Europeo, mulleres turcas, curdas, chipriotas, gregas, albanesas, macedonias e romanesas xuntáronse a mulleres chegadas de Galiza, Italia, Suíza, Francia, País Vasco, Polonia, Gran Bretaña, Bélxica... Para denunciar as consecuencias das crises, as súas falsas solucións e a falsedade dos gobernos que cortan gastos sociais despois de teren destinado millóns aos bancos e a manteren elevados gastos militares.

Do parque Gezi as mulleres camiñaron ata o porto onde partiron en barco para circundar a illa Maiden, que está no punto de encontro entre Asia e Europa. Unha lenda di que na antedita illa foi construída unha torre polo rei, que encerrou nela posteriormente a súa filla para illala e protexela de todos os perigos. Así a Marcha denuncia simbolicamente o discurso

prácticas patriarcales de encerrar as mulleres para protexermos da vida.

Nun foro público as mulleres debateron sobre os catro campos de acción da Marcha Mundial para o 2010, isto é, sobre o ben común e os servizos públicos, sobre a paz e a desmilitarización, sobre o traballo das mulleres (pola autonomía económica) e sobre aviolenia contra as mulleres.

As mulleres de Europa expresaron posteriormente nunha manifestación a súa solidariedade coas mulleres turcas e kurdas nas súas loitas polos dereitos das mulleres e polo recoñecemento á autodefinición dos pobos, na defensa da concepción dunha Europa aberta, democrática e laica; onde todas as mulleres teñamos dereitos como cidadás.

Ademais destas accións rexionais, xuntando a mulleres de diversos países dun



Participación da MMM no Foro Social en Estambul.

mesmo continente, realizadas en Asia e Oceanía (Filipinas) no mes de maio, en Europa (Turquía), a finais de xuño e comezos de xullo e nas Américas (Colombia) no mes de agosto, ao longo do ano 2010 haberá outra grande acción entre o 7 e o 17 de outubro, con marchas e actos simultáneos nos países e unha forte mobilización internacional na República Democrática do Congo (RDC), para expresar a solidariedade internacional con mulleres que viven en situacións de guerra e fortalecer o protagonismo das mesmas na resolución dos conflitos.

Na Galiza a Marcha Mundial das Mulleres continuará no mes de outubro realizando accións reivindicativas, como a representación dun tribunal de acusación en Vigo e outras actividades paralelas, que marcarán o final da Terceira Acción Internacional da MMM.

As mulleres da Galiza, tamén estivemos en Estambul

Días delegadas galegas da Cordenadora Nacional da Marcha Mundial das Mulleres, Ximena Mariel González Ataíde e Tereixa Otero Dacosta, estivemos en representación das mulleres da Marcha da Galiza no Encontro Europeo Feminista celebrado en Turquía. As datas nas que celebrou o Encontro Feminista son os días anteriores ao Foro Social Europeo, nun intento de reunir mulleres de máis de 22 países, para contrastar e procurar alternativas feministas ás nosas realidades e fortalecernos como unha rede feminista internacional.

O 29 de xuño comezamos coa benvinda das mulleres participantes na Caravana dos Balcáns, unha caravana feminista que partindo de Macedonia e pasando por Grecia chegou a Estambul nesta data, para continuar despois do FSE, levando ás diferentes localidades de Albania, Bosnia, Saraxevo a presentación da III Acción Internacional da Marcha Mundial das Mulleres no Congo. Interesa nos Balcáns o feito de que a III Acción ten coma eixo temático a Paz e o Antimilitarismo dende a óptica feminista, polo que propicia o debate e a recollida de experiencias e estratexias vitais para as mulleres en situacións de guerra.

O día 30 asistimos aos dous Plenarios do Encontro. Deles destacar a información aportada polas delegacións kurda e turca, a das mulleres de Irak e a da rede de mulleres pola reunificación de Chipre. No medio das sesións plenarias participamos en dous talleres, un sobre o papel das mulleres na autodeterminación dos seus pobos e

outro sobre paz e antimilitarismo. Nestes talleres, partindo dun documento base fumos engadindo as achegas das mulleres das diferentes rexións.

Rematamos o día participando na Marcha Feminista, á que acudimos máis de 5000 mulleres polas principais rúas de Estambul e tamén participamos como MMM no acto de inauguración do FSE. Dentro das actividades do FSE participamos nos dous talleres específicos da MMM, o de presentación da III Acción Internacional e o de presentación da Caravana dos Balcáns.

A nosa valoración é moi positiva, si ben temos moito por facer aínda, dende a reelaboración dos documentos, a súa tradución e a presentación de todas estas accións en toda a súa magnitude, e posiblemente neste proceso, atopemos os puntos febles deste encontro. Con todo, para nosoutas, o feito de ser capaces de compartir durante seis días a creación dunha rede solidaria de participación e planificación de accións feministas para o resto do ano 2010, con mulleres das diferentes e diversas europas e de Oriente Medio, ben vale a pena con creces, os esforzos feitos por todas, para que pudiéramos estar alí.

Engadir, que en outubro deste ano, 151 activistas feministas serán xulgadas nun país, que sabe como actuar de cara ao exterior, para buscar o beneplácito da todopoderosa UE, pero que no interior practica a máis dura represión dos pobos e dos movementos sociais.



Renovación do parque de maquinaria agrícola

A axuda máxima por beneficiario e convocatoria do ano non poderá superar: a) 12.000 euros no caso de adquisición de tractores novos. b) 15.000 euros no caso de adquisición de novos tractores, cando se desmantelados tractores e equipamentos de aplicación de produtos fitosanitarios ou de aplicación de fertilizantes inscritos no ROMA a nome do solicitante.

Tamén para tractores desmantelados con deficiencias de seguridade inscritos no ROMA antes da obriga de ter estruturas de seguridade homologadas. c) 30.000 euros cando se trate de máquinas automotrices de recolección. d) O 30% do investimento no resto de máquinas automotrices e no caso

de máquinas arrastradas.

Beneficiarios: persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións agrarias, cooperativas agrarias, cooperativas de explotación comunitaria da terra, coo-perativas de traballo asociado cuxa actividade principal sexa a agraria ou unha sociedade agraria de transformación (SAT), persoas xurídicas cuxa actividade principal sexa a produción agraria e persoas físicas ou xurídicas cuxa actividade principal sexa a prestación de servizos agrarios, sempre que estean inscritas nos correspondentes rexistros ou censos oficiais.

O prazo para a solicitude destas axudas está aberto ate o 19 de Agosto.

Subvencións a fondo perdido para a rehabilitación e renovación de calidade de vivendas no medio rural e conxuntos históricos

Dirixidas as persoas promotoras de actuacións de rehabilitación e renovación de calidade de vivendas no medio rural e conxuntos históricos de Galicia. Serán subvencionables aquelas actuacións de rehabilitación ou renovación de vivendas unifamiliares rurais e edificios ou vivendas en núcleos históricos reguladas no artigo 5 da Orde do 13 de decembro de 2006 e que figuran na resolución de conformidade coas actuacións propostas para a obtención da cédula de rehabilitación de calidade.

O prazo para a solicitude destas axudas está aberto ate o 19 de Agosto de 2010.

Curso no Reino Unido para produtores/as de leite

Dende o Sindicato Labrego Galego, estamos organizando unha viaxe de intercambio ao Reino Unido para produtores e produtoras de leite. O obxectivo da mesma é ver experiencias de transformación e comercialización de leite cru dende a propia explotación. A data de saída será o 3 de setembro e a de volta o 6 de setembro e o custo por participante de 450 euros. Hai 18 prazas dispoñíbeis.

Se estas interesado/a en participar, ponte en contacto co teu local comarcal. Esta actividade inclúese dentro da acción informativa "Perspectivas do sector lácteo ante a desaparición do sistema de cotas en 2015: alternativas productivas para mellorar a rendibilidade das explotacións dentro do marco da PAC".

Está co-financiada pola Dirección Xeral para a agricultura e o Desenvolvemento Rural da Comisión Europea.



COMISIÓN EUROPEA
DIRECCIÓN GENERAL DE AGRICULTURA Y DESARROLLO RURAL
Dirección K. Relaciones Institucionales, Comunicación y Documentación
MF Comunicación Interna sistema

AXUDAS PERIÓDICAS DE APOIO A MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO

Serán requisitos necesarios para poder ser beneficiaria: ser muller, maior idade ou emancipada, vítima de violencia de xénero nunha relación de convivencia, residir na Galiza e, no caso de mulleres estranxeiras, ter permiso de residencia e carecer de dispoñibilidade de recursos económicos.

Non poderán ser beneficiarias destas axudas as mulleres que perciben esta axuda con anterioridade.

O prazo de presentación de solicitudes comezou o día 1 de abril e rematará o 31 de outubro de 2010.

Axudas destinadas a determinados proxectos de mellora da xestión ambiental das explotacións porcinas

Subvencións para promover o desenvolvemento de sistemas innovadores de xestión de xurros procedentes das explotacións porcinas, respectuosos e compatibles coa protección do ambiente, que eviten consumos ineficientes de enerxía, que recollan un enfoque integral de valorización e desenvolvemento de melloras técnicas dispoñíbeis na aplicación de xurros ao campo.

Poderán acollerse ás axudas previstas nesta disposición as asociacións, organizacións e agrupacións de titulares de explotacións porcinas, incluídas as agrupacións de defensa sanitaria, cooperativas, e sociedades agrarias de transformación, integradas na súa maioría por explotacións de porcino, que presenten un proxecto conxunto de xestión de xurros.

O prazo para a solicitude destas axudas está aberto ate o 16 de Agosto.

MULLERES LABREGAS COTIZANTES Á SS AGRARIA QUE TIVÉCHEDES UNHA FILLA OU UN FILLO A PARTIR DO 1 DE XANEIRO DO 2008

Tedes dereito a solicitar a devolución dunha parte das cotas pagadas á SS. durante os doce meses seguintes á baixa maternal. **Infórmate e tramítala no teu local do SLG, independentemente do tempo que xa pasara dende que tiveches ou filla ou filla.**

Subida do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE)

A partir do 1 de Xullo de 2010 os tipos impositivos do IVE cambiaron, quedando da seguinte maneira:

Tipo xeral do 16% pasa a ser do 18%.

Tipo reducido do 7% pasa a ser do 8%.

Tipo superreducido do 4% mantense sen cambios.

Tamén se incrementaron as porcentaxes do I.V.E. de compensación aplicables o réxime especial de agricultura, gandería e pesca:

Para explotacións gandeiras e pesqueiras pasa do 7.5% ó 8.5%.

Para explotacións agrícolas ou forestais pasa do 9% ó 10%.

MEDIDAS DE REFINANCIAMENTO PARA AS EXPLOTACIÓNS

O Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Marino publicou no BOE do 11 de marzo de 2010 unha orde na que se establecen medidas para facilitar o acceso á financiación das explotacións agrícolas e gandeiras.

Esta é unha das medidas coxunturas que se lle reclamaron ao Ministerio, aínda que só é unha delas.

-Concesión de novos préstamos: A través de acceso aos créditos ICO (ata o 20 de decembro)

Desde o SLG consideramos que poden ser de interese para as explotacións que precisen liquidez, pero recomendamos pasar polo voso local do SLG para ter máis información e ler con detenimento as condicións, sobre todo no que se refire a carencia dos préstamos xa concedidos, posto que na orde do Ministerio non está claro como quedan estes préstamos despois do período de carencia que concedan.

Axudas dos plans de mellora de explotacións agrarias e incorporación de mozas e mozos á actividade agraria

Dirixidas a mozas e mozos menores de 40 anos que se vaian incorporar ou se incorporasen dentro dos seis meses anteriores á actividade agraria, así como titulares de explotacións (persoas físicas ou xurídicas) que vaian realizar investimentos en maquinaria, obras e outras melloras para a explotación.

Para a aprobación das solicitudes que inclúan obras para as que sexa necesario obter licenza, esta terá que

aportarse antes do 1 de Decembro de 2010.

O prazo de solicitude destas axudas para os casos de primeiras instalacións de mozos/as motivadas por cesamento anticipado na actividade agraria, ou por falecemento, xubilación ou invalidez do/a actual titular da explotación, o prazo permanecerá aberto ata o 30 de novembro.

Programa Renove do Plan de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012

O prazo estará aberto até o 30 de setembro. Obterás máis información no teu local comarcal.

8ª ROMERÍA " POR UN MUNDO RURAL VIVO "

Celebrarase o vindeiro Martes día 31 de Agosto, en Ordes. Inda non está concretado o sitio, achégate polo local para obter máis información.

XORNADAS DE INFORMACION E DEBATE SOBRE A VACINACION DA LINGUA AZUL

7 de setembro. Hotel Congreso. Montouto - Teo. (Carretera de Santiago - A Estrada km. 3.)

PROGRAMA: 10,30 H.- Chegada de participantes / 10,45 H.- Presentación da xornada / 11,00 H.- Efectos da vacina da lingua azul. (efectos na saúde dos animais, repercusións económicas nas explotacións,...) / 11,30 H.- Debate. / 12,30 H.- Situación en Francia. Resposta das gandeiras de dos gandeiros. Actividade da Plataforma. Ponente: Unha persoa da Confederation Paysanne. / 14,00 H. - Comida / 15,30 H.- A plataforma pola libre vacinación da Lingua Azul no Estado Español / 16,30 H.- Actividades e traballo de cara a próxima campaña de vacinación. / 18,00 H.- Fin da xornada

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Tractor MASSEY 165
subsollador de marca YIMPA
TLF: 696 004 151

BERTOLINI con arrobadeira para
limpeza de eestablos. Prezo 700
€.
TLF: 626 809 998

Desbrozadora marca FERI. En bo
estado.
TLF: 650 322 719 (Zona Monfero)

Cachorros raza POINTER para
caza. Económicos.
TLF: 646 073 487

-Vacas e novillas frisonas: boa
xenética, controlleiteiro, media
producción 10.370 l., media califi-
cación 81, libre IBR-BVD.
-Tanque de frío POLIFRIO 2.500l.
TLF: 610 962 132, 626 250 993
ou 981 196 919

Tanque de Frío. Capacidade 500
litros.
TLF: 676 810 396

Enroladora de cintas marca JOHN
DEERE modelo 350, moi bo esta-
do, prezo a convir.
TLF: 630 528 721 e 982 14 41 82

Rotoempacadora GALLINANE
modelo 5200. Bo estado.
TLF: 609 311 416

Vacas cachenas.
TLF: 616 006 686 (As Nogais).

-Colleitadora de patacas (Grímel
650, con tolva alta e cinta)
-Debrozadora (3 regos) de pata-
cas

-Tractor Jhon Deere 1635 con pala
-Reparditor de Abono
-Regadío con motor de 14 c.v.
Remolque (10.000 Kg)
Tlf: 619.90.41.83 (Perfecto, zona
Xinzo de Limia)

-Sala de muxir seminova
-Moto ONDA 125 cc XR seminova
-Colmeas
TLF: 648 187 857

-Pa TENIAS serie 200, modelo B2
con terceira función (impecável).
-Pa TENIAS para tractores de sim-
ple tracción, de 3 botellas (en bo
estado).
TLF: 650 158 948 (Zona Curtis)

-Máquina para a herba (ou toxos) -
-Autocargador CAMPERO (bon
prezo e en bo estado)
TLF: 981 793 513 e 608 551 543
(Zona Aranga)

Autocargador KRONE TURBO
2900.Zona de Oroso.
TLF: 981 695 588

12 novillas rubias, prefiadas.
TLF: 660 757 070

Rolos de herba seca (Santa Cristina,
Cospeito)
TLF: 982 505 755

-Circuito de muxido Alfa-Laval, de
3 puntos.
-Tanque de frío PACKO, de 850
litros, con refrixeración por auga.
TLF: 646 857 468 (Isidoro)

Silo de pienso de 6500 kilos, con
división interior; soldado en aceiro
inoxidábel.
TLF: 982 137 525 (Paco)
(Zona de Ribadeo)

-Encintadora SUPER TINO con
bomba independente .
-Rotoempacadora CLASS ROL-
LANT - 46 .
TLF : 699 290 176 e 609 864 738

Máquina para limpar o trigo, muiño
eléctrico e arado gravante.
TLF: 982 175 132

-Sementadora de herba de 3 m
con ou sen grada
-Sementadora de millo de 4 regos.
TLF: 639 443 717

FIAT 1380 DT con pala ou LEON ,
con cazo, galleta e pincho.
TLF : 982 177 854

-Tractor marca FORD 7610 DT.
-Tractor marca FIAT 9090 DT.
-Rotoempacadora DEUTZ FARH
modelo NT 130.
-Rotativa TZ de 2,30 de corte.
TLF: 696 718 076 (José Antonio)

-Vaca próxima ao parto
-Fresadora de 1,30
-Arado de gancho
TLF: 981 798 681

Frisonas próximas ao parto.
TLF: 982 157 768 ou 697 422 304

-Frisonas próximas ao parto, con
carta.
-Tanque de 1.100 l.
-Circuito de muxido de 4 puntos
TLF: 659 213 085

Autocargador MERLINI 22 m.
TLF: 981 500 608

Vacas FRISONA con carta e mais
novillas por xubilación.
TLF: 686 878 699
(Zona Betanzos)

Vacas de carne (RUBIA GALEGA)
mais un touro. Por xubilación.
TLF: 981 790 331
(Guillermo) Cesuras

Remolque "esparcidor" matriculado.
TLF: 606 648 619 (Luis).
Betanzos.

Fresadora modelo HONDA FG-
400. Moi poucas horas de traballo.
Prezo a convir. Redondela.
TLF: 617 921 921 ou 986 405
013.

Cabritos (3-4 meses) en Tomiño.
TLF: 686 164 955 (Andrés).

Potra.
TLF: 981 694 839
(Chamar ao mediodía, José)

Tractor Barreiro 7070.
Moi bo estado e bo prezo
TLF: 982 160 116 e 690 774 565

Cabalo inteiro de 4 anos.
TLF: 630 561 310

-AUDI 80 1.8E
-Remolque de tractor preparado
para bolas de herba
-Llantas de coche de aluminio
marca MOMO de 5 buratos e de
llanta 15
-Viño da zona de Portomarín
TLF: 686 596 260

20 vacas e 7 becerras (boa xenéti-
ca). Zona de Forcarei.
TLF: 679 248 411 e 986 684 270

Renault MEGANE 1.4 16V. bo es-
tado, poucos kms.
TLF: 676 666 157

-Touro limousin novo
-Tanque de leite de 500 litros.
TLF: 685 884 257 e 982 207 733

Pacas de herba seca.
TLF: 982 526 886

Vaca (5 anos) con cria de meses.
TLF: 982 526 886

Finca en Monfero (A Coruña) de
600 ferrados, con casa pequena
de pedra para restaurar.
TLF: 981 210 770 e 981 788 380

-Tractor JOHN DEERE serie 2120
-Tractor LAMBORGHINI-503-
DTS- 54 cabalos, dobre tracción
2400 horas.
-Tractor EBRO - 160- d dirección
hidráulica.
-Fresadora-arado remolque-
máquina ensiladora de un rego
(marca claas)
segadora bertolini 124-D
TLF: 657 955 300

Vacas de carne por cese de ex-
plotación
TLF: 626 315 059

Autocargador.
TLF: 982 502 165

Tanque de frío 550 en bo estado.
TLF: 677 740 230

Encintadora da herba LANDINI.
Ten 4 colleitas. Prezo: 3.000€.
Zona Arzúa. TLF. 667 469 962

Empacadora con 2 campañas de
uso. Seminova. Marca ABBRIATA
61. Zona Arzúa.
TLF. 677 625 245

Grade de Discos Suspendida.
Zona Arzúa.
TLF: 677 62 52 45

Moto 125 c.c. de carretera 3 anos,
4600 Km.
TLF: 982 175 773 e 661 035 76

-Sembradora de millo marca
BECKER, 6 lineas, con carga
automática de abono
-Grade rotativa con sembradora
de herba, marca BREVIGLIERE, 3
me-tros
-Grade de discos, marca NOLI,
4,5m de trabaxo.
TLF: 660 442 783 e 619 038 548

Cadelíños de pastor belga. Nai fi-
lla de Zar, campión estatal.
TLF: 660442783

COMPRAS

Tanque de frío para dous muxi-
dos (entre 400 e 700 litros).
TLF: 653 315 659

Muiño de cereal eléctrico.
TLF: 659 66 13 42

Cámara de frío, para produtos horti-
colas. Aproximadamente 4X4m.
máximo,monofásica.
TLF: 620 140 986

Atomizador suspendido de segunda
man.
TLF: 645 851 081 (Encarnación)

OFERTA E DEMANDA

EMPREGO

Ofrécese muller para coidado de
nenos/as e maiores e para todo tipo
de coidado da terra: xardiñeira, hor-
ta... Tamén realiza por encargo re-
tratos caracterizados, ideais pra
agasallar (tamaño A3, prezo 10€).
TLF: 637 042 293 (Mónica)

Ofértanse dous traballadores para
calquera tipo de traballo en ex-
plotación agraria.
TLF: 689 289 158 (Manuel)

Realízanse traballos agrícolas e
forestais.
TLF: 606 648 619 (Luis de Vila-
moure). Zona Betanzos.

Fanse traballos en pozos artesáns:
(limpar, afondar, emparedar).
Equipado con elevador para sacar
terra, bomba de achique con
manguera até 25 metros de fondo e
50 milímetros de diámetro, martillo
picador e equipo de ventilación. De-
sprazámonos. Presupostos sen
compromiso.
TLF 662 084 529 (Fernando).

OUTROS

ALÚGASE Casa pequena, de pedra,
en Grañanova, Meira (Lugo)
TLF: 646 857 468 (Isidoro)

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada ou no correo electrónico prensa@sindicatolabrego.com. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.



PLAN
CONECTA
MUJER

Muller,
innovamos
no teu campo

Integra a
informática no
medio rural de
mancira sinxela
nos teus traballos
agrarios e privados

aberto
o prazo
de inscrición

mulleres@sindicatolalibre.org.com
e no teu local
do SLG



Financiado por

